

**PREGUNTA DE AER SOBRE CENTRO DE DEPORTES ACUÁTICOS DE CHAPELA**

PLENO 28 MARZO 2012. ACTA 4/2012

O día 6 deste mes convocaron unha asemblea sobre o Centro de Deportes Acuáticos de Chapela. Nela as diferentes asociacións da parroquia pediron a creación dunha Comisión de Investigación. O Sr. Pazos alí presente mostrou a súa conformidade. Por outra banda dixeron que ían poñer a disposición dos veciños tódolos expedientes de dita obra. **Teñen previsto crear dita Comisión de Investigación? O noso voto positivo o terán. Colgarán na web do concello os expedientes da obra para que estén a disposición da cidadanía?**

**O concelleiro Pazos Couñago dí non teñen inconveniente en facer unha comisión de investigación se se estima necesario. Pódese tratar na xunta de voceiros. En canto a colgalo na páxina pode conlevar problemas legais e por outra banda sería complicado escanear o expediente completo.**